



DISTANCIAS

A distancia que se percorrerá será aproximadamente unha milla, excepto para as categorías inferiores (de prebenxamín a alevín, incluídas).


PERCORRIDO

Os circuitos correspondentes a cada categoría estarán debidamente sinalizados

COLABORAN:

Policía Local de Ames
Club Atletismo Sar
Club Atlético Bertamiráns
Club de Atletismo Milla Raio

XIII MILLA URBANA CONCELLO DE AMES



Deputación
DA CORUÑA



Domingo, 2 de xuño, 11:00 horas
Travesía do Porto (O Milladoiro)

XIII MILLA URBANA CONCELLO DE AMES REGULAMENTO

1. As probas disputaranse na localidade do Milladoiro e contarán co control técnico da Federación Galega de Atletismo (Delegación de Santiago). A saída e a chegada de cada proba farase no aparcadoiro da Travesía do Porto (O Milladoiro) e o circuito correspondente a cada categoría estará debidamente sinalizado.
2. Poderán participar todas aquelas persoas que o desexen, con ou sen licenza federativa. O control da carreira estará a cargo do Comité de Xuíces da Federación Galega de Atletismo, Delegación de Santiago de Compostela.
3. A inscrición farase a través das páxinas web www.fgatletismo.es/santiago e www.atletismogalego.org enchendo o formulario de inscrición (data límite: xoves, 30 de maio, 22 h.) Non se admitirán inscricións o día da carreira.
4. Os dorsais retiraranse na secretaría da organización situada no aparcadoiro da Travesía do Porto (O Milladoiro) ata media hora antes da proba correspondente.
5. Recibirán trofeo os/as 3 primeiros/as clasificados/as de cada categoría. A entrega de trofeos farase ao rematar a carreira.
6. Todo corredor ou corredora que chegue á meta sen o dorsal será descualificado/a.
7. Os participantes deberán colocarse na zona de saída 10 minutos antes do comezo de cada proba.

8. Os atletas que obteñan algún premio deberán acreditar a súa idade con DNI ou pasaporte.
9. Aínda que a proba sexa de carácter estritamente deportivo e popular, admitiranse reclamacións, pero agárdase un espírito e un comportamento deportivo por parte de todos os participantes. As reclamacións aos resultados oficiais formularánselle ao xuíz árbitro da competición non máis tarde de 30 minutos despois da publicación dos resultados.
10. O horario das saídas poderá ser modificado, a criterio do xuíz árbitro, en función do número de participantes de cada categoría.
11. Todo o non recollido neste regulamento resolverase de acordo co Regulamento da RFEA en vigor.

CATEGORÍAS

CATEGORÍA	ANO DE NACEMENTO
Prebenxamín	2006 e posteriores
Benxamín	2004-2005
Alevín	2002-2003
Infantil	2000-2001
Cadete	1998-1999
Xuvenil-júnior	1994-1995-1996-1997
Promesa-sénior	1993 ata veteranos
Veterano A	Nados entre 1978 e 1968
Veterano B	Nados entre 1967 e 1958
Veterano C	Nados en 1957 e anteriores
Veterana D	Nadas entre 1978 e 1968
Veterana E	Nadas en 1967 e anteriores

Poñerase a disposición de quen o desexe un servizo de duchas na Piscina Descuberta Municipal.

Para calquera dúbida poderase chamar ao teléfono 981884991 (Oficina de Cultura e Deportes)



XIII MILLA URBANA CONCELLO DE AMES

HORARIOS E DISTANCIAS

CATEGORÍAS	HORARIOS		DISTANCIAS
	HOMES	MULLERES	
Prebenxamín	11:00	11:00	330 metros
Benxamín	11:10	11:10	660 metros
Alevín	11:20	11:20	990 metros
Infantil	11:30	11:30	1 milla
Cadete			
Xuvenil- júnior	12:15	12:15	1 milla
Promesa- Sénior			
Veteranos A	12:00	12:00	1 milla
Veteranos B	11:45	11:45	1 milla
Veteranos C			
Veteranos D			
Veteranos E			

O horario das saídas poderá ser modificado a criterio do xuíz árbitro, en función do número de participantes de cada categoría